

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019669	Armando Cotarelo Valledor	Vilagarcía de Arousa	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CSIFC03	Desenvolvemento de aplicacións web	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0615	Deseño de interfaces web	2022/2023	6	157	188

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JUAN LUIS MIGUÉNS RAMOS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo "Deseño de interfaces web" pertence ao ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de "Técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web", que ten unha duración de 2.000 horas.

O desenvolvemento curricular deste módulo ten como referencia de partida o Real decreto 686/2010, do 20 de maio, polo que se establece o título de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web e se fixan as súas ensinanzas mínimas, que se adapta á comunidade autónoma de Galicia a través do DECRETO 109/2011, do 12 de maio, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ó título de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de desenvolvemento de aplicacións destinadas á súa execución en navegadores e contornas web.

Visto o ámbito produtivo de Vilagarcía de Arousa e a súa contorna podemos atopar varias empresas que se adican ao desenvolvemento web. Estas empresas poden ser, nun futuro, os lugares de traballo do alumnado do módulo.

A FORMACIÓN DO MÓDULO CONTRIBÚE A ALCANZAR AS COMPETENCIAS:

- e) Desenvolver aplicacións web con acceso a bases de datos utilizando linguaxes, obxectos de acceso e ferramentas de mapeamento adecuados ás especificacións.
- g) Desenvolver interfaces en aplicacións web de acordo cun manual de estilo, utilizando linguaxes de marcas e estándares web.
- h) Desenvolver compoñentes multimedia para a súa integración en aplicacións web, empregando ferramentas específicas e seguindo as especificacións establecidas.
- i) Integrar compoñentes multimedia na interface dunha aplicación web, realizando a análise de interactividade, accesibilidade e usabilidade da aplicación.
- m) Completar plans de probas e verificar o funcionamento dos compoñentes de software desenvolvidos, segundo as especificacións.
- n) Elaborar e manter a documentación dos procesos de desenvolvemento, utilizando ferramentas de xeración de documentación e control de versións.
- u) Supervisar e aplicar procedementos de xestión de calidade, de accesibilidade universal e de deseño para todos, nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- Análise da interface de diversos sitios web.
- Identificación dos elementos da interface.
- Uso de estilos.
- Creación e manipulación de contido multimedia.
- Integración de contido multimedia e interactivo en documentos web.
- Avaliación da accesibilidade e usabilidade da web.
- Integración da interface na aplicación web.

Recursos na aula

De acordo co anexo II do Curriculum do Ciclo no que se establecen as condicións de equipamento mínimo da aula, a aula dispón de:

* Hardware: A aula dispón dun ordenador para cada alumno/a matriculado, e un máis para o profesorado. Cada computador ten instalada unha tarxeta de rede e a aula atópase cableada para permitir a comunicación entre os equipos. A aula dispón dun proxector para reproducir as imaxes escollidas polo docente dende o seu ordenador.

* Software: Os ordenadores da aula teñen instalados un sistema operativo Windows 64 bits e tamén dispoñen de software de emulación de ordenadores (VirtualBox), para realizar prácticas de instalacións sen afectar ó material precisado para o traballo noutros módulos. O alumnado dispón tamén dun espazo de almacenamento en rede.

* Material didáctico: A aula dispón de conexión a Internet como fonte de busca de información. O propio docente é o encargado de proporcionar ao alumno diversa documentación de traballo por medio da aula virtual.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Planificación de interfaces gráficas	Planificar o deseño dunha interface gráfica Web.	36	10
2	Accesibilidade na Web	Criterios para unha web accesible	18	15
3	Usabilidade na Web	Criterios de deseño para mellorar o uso web	20	15
4	Uso de estilos e deseño responsivo	Uso de CSS no deseño Web e frameworks para o deseño responsivo	60	30
5	Implementación de contidos multimedia	Preparación de ficheiros multimedia para a web, analizando as súas características e manexando ferramentas específicas	42	20
6	Contenidos web interactivos	Integración de contido multimedia nos documentos web e valorando os seus aportes	12	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Planificación de interfaces gráficas	36

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica a creación dunha interface web, para o que valora e aplica especificacións de deseño.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Recoñeceuse a importancia da comunicación visual e os seus fundamentos.
CA1.2 Analizáronse e seleccionáronse as cores e as tipografías adecuadas para a súa visualización en pantalla.
CA1.3 Analizáronse alternativas para a presentación da información en documentos web.
CA1.4 Valorouse a importancia de definir e aplicar a guía de estilo no desenvolvemento dunha aplicación web.
CA1.5 Utilizáronse e valoráronse aplicacións para o deseño de documentos web.
CA1.6 Utilizáronse marcos, táboas e capas para presentar a información de xeito ordenado.
CA1.7 Creáronse e utilizáronse patróns de deseño.

4.1.e) Contidos

Contidos
Elementos do deseño: textura, cor, tipografía e iconas. Percepción visual.
Interacción entre persoa e computador.
Interpretación de guías de estilo: elementos.
Xeración de documentos e sitios web. Compoñentes dunha interface web. Aplicacións para desenvolvemento web. Linguaxes de marcas. Mapa de navegación. Prototipos. Maquetación web. Elementos de ordenación. Patrón de deseño.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Accesibilidade na Web	18

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Desenvolve interfaces web accesibles, para o que analiza as pautas establecidas, aplicando técnicas de verificación.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Recoñeceuse a necesidade de deseñar webs accesibles.
CA5.2 Analizouse a accesibilidade de diversos documentos web.
CA5.3 Identificáronse as principais pautas de accesibilidade ao contido.
CA5.4 Analizáronse os posibles erros segundo os puntos de verificación do nivel de conformidade.
CA5.5 Alcanzouse o nivel de conformidade desexado no deseño de webs accesibles.
CA5.6 Verificáronse os niveis alcanzados de accesibilidade web mediante o uso de tests.
CA5.7 Verificouse a visualización e accesibilidade da interface con diversos navegadores e tecnoloxías.

4.2.e) Contidos

Contidos
Accesibilidade web.
Principios xerais de deseño accesible.
Pautas de accesibilidade ao contido na web.
Técnicas para satisfacer os requisitos definidos na accesibilidade ao contido web. Prioridades, puntos de verificación e niveis de conformidade.
Métodos para realizar revisións preliminares e avaliacións de adecuación ou conformidade de documentos web.
Ferramentas de análise de accesibilidade web.
Comprobación da accesibilidade web desde diferentes navegadores.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Usabilidade na Web	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Desenvolve interfaces web amigables, para o que analiza e aplica as pautas de usabilidade establecidas.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Valorouse a importancia do uso de estándares na creación de documentos web.
CA6.2 Analizáronse técnicas para verificar a usabilidade dun documento web.
CA6.3 Analizouse a usabilidade de diversos documentos web.
CA6.4 Verificouse a facilidade de navegación dun documento web mediante diversos periféricos.
CA6.5 Verificouse a usabilidade da interface web creada en diversos navegadores e tecnoloxías.
CA6.6 Modificouse a interface web para a adecuar ao obxectivo que persiga e aos usuarios a quen vaia dirixida.

4.3.e) Contidos

Contidos
Concepto de usabilidade de documentos web.
0Navegación doadamente lembrada fronte a navegación redescuberta.
Facilidade de navegación na web.
Verificación da usabilidade en diversos navegadores e tecnoloxías.
Técnicas de análise da usabilidade de documentos web.
Ferramentas e tests de verificación da usabilidade de documentos web.
Identificación do obxectivo da web.
Tipos de usuario.
Barreiras identificadas polos usuarios.
Información doadamente accesible.
Velocidade de conexión.
Importancia do uso de estándares.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Uso de estilos e deseño responsivo	60

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica a creación dunha interface web, para o que valora e aplica especificacións de deseño.	NO
RA2 - Crea interfaces web homoxéneas, para o que define e aplica estilos.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Utilizáronse marcos, táboas e capas para presentar a información de xeito ordenado.
CA1.7 Creáronse e utilizáronse patróns de deseño.
CA2.1 Recoñecéronse as posibilidades de modificar as etiquetas HTML.
CA2.2 Definíronse estilos de xeito directo.
CA2.3 Definíronse e asociáronse estilos globais en follas externas.
CA2.4 Definíronse follas de estilos alternativas.
CA2.5 Redefiníronse estilos.
CA2.6 Identifícanse as propiedades de cada elemento.
CA2.7 Creáronse clases e identificadores de estilos.
CA2.8 Utilizáronse ferramentas de validación de follas de estilos.
CA2.9 Utilizouse e actualizouse a guía de estilo.

4.4.e) Contidos

Contidos
Xeración de documentos e sitios web. Compoñentes dunha interface web. Aplicacións para desenvolvemento web. Linguaxes de marcas. Mapa de navegación. Prototipos. Maquetación web. Elementos de ordenación. Patrón de deseño.
Estilos en liña baseados en etiquetas e en clases.
Creación e vinculación de follas de estilo en cascada. Follas de estilo auditivas.
Follas de estilo para imprimir.
Ferramentas e test de verificación.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Implementación de contidos multimedia	42

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Prepara ficheiros multimedia para a web, para o que analiza as súas características, manexando ferramentas específicas.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Recoñecéronse as implicacións das licenzas e dos dereitos de autor no uso de material multimedia.
CA3.2 Identificáronse os formatos de imaxe, audio e vídeo que cumpra utilizar.
CA3.3 Analizáronse as ferramentas dispoñibles para xerar e manipular contido multimedia.
CA3.4 Empregáronse ferramentas para o tratamento dixital de imaxes.
CA3.5 Utilizáronse ferramentas para manipular audio e vídeo.
CA3.6 Realizáronse animacións a partir de imaxes fixas.
CA3.7 Importáronse e exportáronse imaxes, audio e vídeo en diversos formatos, segundo a súa finalidade.
CA3.8 Aplicáronse guías de estilo para adaptar ficheiros multimedia para a web.

4.5.e) Contidos

Contidos
Tipos e formatos de imaxes máis axeitados para a web.
Dereitos da propiedade intelectual: licenzas, lei da propiedade intelectual e dereitos de autor.
Software para crear e procesar imaxes. Optimización de imaxes para a web.
Audio: formatos e conversións (exportar e importar).
Vídeo: codificación de vídeo, formatos e conversións (exportar e importar).
Animacións. Animación de imaxes e texto.
Integración de audio e vídeo nunha animación.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Contenidos web interactivos	12

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Integra contido multimedia en documentos web e valora a súa achega, para o que selecciona adecuadamente os elementos interactivos.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Recoñecéronse e analizáronse as tecnoloxías relacionadas coa inclusión de contido multimedia e interactivo.
CA4.2 Identificáronse as necesidades específicas de configuración dos navegadores web para soportar contido multimedia e interactivo.
CA4.3 Utilizáronse ferramentas gráficas para o desenvolvemento de contido multimedia interactivo.
CA4.4 Analizouse o código xerado polas ferramentas de desenvolvemento de contido interactivo.
CA4.5 Agregáronse elementos multimedia a documentos web.
CA4.6 Engadiuse interactividade a elementos dun documento web.
CA4.7 Verificouse o funcionamento dos elementos multimedia e interactivos en distintos navegadores.

4.6.e) Contidos

Contidos
Elementos multimedia e interactivos.
Soporte de contido multimedia e interactivo nos navegadores web.
Comportamentos dos elementos multimedia e interactivos.
Ferramentas gráficas para o desenvolvemento de contido multimedia interactivo.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

1.- Mínimos exigibles para acadar a avaliación positiva:

Considérase que o alumnado acada os mínimos exigibles se aproba a avaliación mediante os instrumentos e procedementos de avaliación establecidos nesta programación.

Os mínimos exigibles aparecen sinalados en cada unha das unidades didácticas desta programación didáctica.

Os procedementos de avaliación da adquisición dos resultados de aprendizaxe serán:

Resultado de probas teórico-prácticas: Probas individuais acerca dos contidos tratados nunha ou varias unidades didácticas. Poden conter preguntas teóricas de tipo test, respostas curtas ou de desenvolvemento, así como esixir a resolución de exercicios e supostos prácticos, podendo estes ser realizados en papel ou no ordenador.

Resolución das tarefas e prácticas propostas: é imprescindible para superar o módulo superar os traballos propostos polo docente nas condicións e prazos establecidos. Poderán esixirse traballos individuais e traballos en grupo. O docente poderá requirir, en calquera momento, a defensa diante dos compañeiros da práctica entregada.

2.- Criterios de cualificación

As cualificacións de cada avaliación parcial ou final expresaranse cun número enteiro entre 1 e 10. No caso de que a nota teña decimais, redondearase cara arriba se a parte decimal é superior a 50 centésimas.

Considérase que unha avaliación parcial ou final está aprobada cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5.

** AVALIACIÓNS PARCIAIS

A cualificación parcial das sesións de avaliación trimestrais farase segundo estes criterios:

Parte	Porcentaxe
TRABALLO NA AULA	40%
PROBAS DE AVALIACIÓN	60%

Para calcular a cualificación da avaliación parcial deste xeito é necesario obter un mínimo de 4 sobre 10 na parte de probas de avaliación. É preciso obter unha nota igual ou maior que 2 na parte de traballos na aula. De non ser o caso, a avaliación parcial será negativa (suspenso)

A cualificación da avaliación parcial será a resultante de aplicar: 60% nota das probas de avaliación + nota de traballo na aula.

O alumno que durante a realización dunha proba escrita ou nun traballo, realice calquera acto de copia, suplantación ou cambio da proba ou traballo obterá unha puntuación de 1 nesa proba/traballo. A sanción afectará a todos os estudantes involucrados: quen copie e quen sexa copiado por ser responsabilidade dos estudantes evitar que a súa proba ou traballo sexa obxecto de copia.

Un mal uso dos equipos e do material posto a disposición do alumnado pode implicar, aparte das medidas disciplinarias que correspondan, a non superación do módulo.

**** AVALIACIÓNS PARCIAIS > PROBAS DE AVALIACIÓN (60%)**

Durante cada trimestre poderá haber unha ou mais probas de avaliación teórico-prácticas. As probas serán puntuadas de 1 a 10 con decimais. En cada proba indícase como se cualifica cada parte do traballo requirido ao alumno. A nota das probas de avaliación será a nota media das probas realizadas.

**** AVALIACIÓNS PARCIAIS > TRABALLO NA AULA (40%)**

Durante cada trimestre haberá unha serie de probas obrigatorias relacionadas cos criterios de avaliación das UJDD que permitan evidenciar o nivel de aprendizaxe do alumnado nas realizacións prácticas da actividade relativa ás UJDD. Estas prácticas poderán realizarse en ordenador ou en papel segundo o estableza o docente. Poderán ser individuais ou grupais.

Cada proba será valorada como "non apta", apta ou boa. A non entrega dunha proba obrigatoria implicará non superar a parte práctica da unidade. Cando o contido da entrega dunha proba teña unha relación inferior ao 20% do solicitado na mesma, entenderase como "non entregada". A entrega fóra do prazo estipulado implicará que non optará á valoración de "boa".

As probas tamén poderán ser valoradas en escala de 0 a 10 puntos. Neste caso aplicarase a seguinte correspondencia:

Nota < 5 puntos --> Non apta

5 <= Nota < 8 --> Apta

8 <= Nota --> Boa

A nota do traballo na aula será a obtida do seguinte cálculo: $4 \times (((0,5 * (\text{número de traballos aptos}) + (\text{número de traballos bos})) / (\text{número total traballos do trimestre}))$.

**** AVALIACIÓN FINAL**

Para superar o módulo o alumnado deberá ter unha nota igual ou superior a 5 en cada avaliación. Neste caso, a cualificación da avaliación final do módulo será a media aritmética das avaliacións desenvolvidas o longo do curso; non sendo a nota final inferior á da última avaliación.

O alumnado que non supere algunha das avaliacións, deberá realizar unha proba final coa parte correspondente á avaliación non superada. A proba final poderá ser de carácter práctico, teórico ou teórico-práctico.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

**** RECUPERACIÓNS AVALIACIÓNS PARCIAIS**

Nas datas fixadas para a recuperación, o alumnado deberá entregar os traballos e prácticas propostas en cada unidade que teña suspensas ou

non entregadas e realizar unha proba teórico-práctica baseada nos criterios de avaliación das unidades didácticas impartidas no trimestre a recuperar.

Para acadar unha avaliación positiva é preciso que a media de todas as prácticas, traballos e exames estén valorados cunha nota igual ou superior a 5 seguindo os criterios de cualificación definidos para cada avaliación no punto 5 - Criterios de cualificación.

As notas obtidas nas recuperacións farán media coas das avaliacións trimestrais xa superadas para obter a nota final do módulo, non sendo a nota final inferior á da última avaliación.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% respecto da súa duración total.

O alumnado ao que se lle notifique a perda do dereito á avaliación continua terá dereito a unha única proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos. A cualificación obtida nesta proba será consignada na avaliación final de módulos.

O deseño desta proba extraordinaria tomará como referencia os mesmos criterios de avaliación e mínimos esixibles cos que se valorará ao resto do alumnado.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para levar a cabo o seguimento da programación empregárase a aplicación informática de 'Programacións' deseñada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

De xeito continuo, o docente avaliará na clase a medida en que o alumnado acada de forma xeral os obxectivos fixados nas distintas unidades didácticas. En consecuencia, poderase decidir incidir en determinados contidos e/ou actividades, aumentando se se considera necesario o número de sesións adicadas a unha determinada unidade.

O docente recollerá a temporalización real das distintas unidades didácticas, co obxectivo de poder corraxir no propio curso os desfases detectados fronte a temporalización prevista e precisar mellor a temporalización das unidades en vindeiros cursos académicos.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A observación do alumnado durante as primeiras semanas do curso (comportamento, forma de redacción, forma de enfrontarse á resolución das tarefas, etc) e a corrección dalgunha das tarefas que deben entregar serán as ferramentas para realizar a avaliación inicial.

Na primeira sesión, ademais da pertinente presentación, farase aos alumnos un breve test sobre os contidos xerais do módulo, para coñecer cal é o seu nivel de coñecemento sobre o mesmo. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

O test, sumado á observación intensiva do traballo na aula os primeiros días do curso, permitirá ter unha idea aproximada da situación da que parte o alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O profesorado, guiado polo departamento de orientación do centro, adaptará a metodoloxía didáctica e facilitará pautas especiais a aquel alumnado que requira medidas de reforzo educativo.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Asemade dos contidos anteriormente detallados, na dinámica diaria do proceso de ensinanza, aprendizaxe, traballaranse os seguintes temas transversais:

- * Educación en saúde: en tódalas actividades tomaranse as medida básicas de seguridade e hixiene, sobre todo nas relativas a prevención de riscos PVD (Pantalla de Visualización de Datos): riscos posturais, de visión, sen esquecer os psicolóxicos polo abuso das novas tecnoloxías.
- * Educación para a igualdade: Na procura dunha educación non sexista, procurarase evitar, por tódolos medios necesarios, a perpetuación de roles asimilados na sociedade dentro da aula, así coma reforzar a igualdade entre home e muller mediante o reparto equitativo de roles e tarefas sen que o sexo do alumno sirva de discriminante de ningún tipo.
- * Educación moral e cívica, os alumnos amosarán aspectos da vida diario sobre a necesidade de respectar as normas básicas e adoptar actitudes positiva e de apoio para a convivencia en sociedade, que será aplicado con actividades en grupo mentres que o traballo será asociado a esa clase efectuados en sociedades, particu-larmente en tendas de informática.
- * Educación para a Paz: debe en todo momento, comunicando a través de non-violencia, linguaxe e atención incidir na prevención de conflitos na clase e para a súa resolución pacífica.
- * Educación ambiental: Dado que a vida dos equipos informáticos non e demasiado longa, farase fincapé na correcta reciclaxe e aproveitamento dos seus compoñentes, buscando a reutilización dos mesmos en proxectos nos que poidan alongar a súa vida útil. Por outra banda promoverase a utilización e xeración de documentación en dixital para evitar, na medida do posible o desperdicio de papel
- * O longo do módulo será necesario o coñecemento do inglés técnico, xa que moita da documentación existente só está dispoñible en inglés polo que se precisan uns certos coñecementos neste idioma. Ademais, no mundo laboral relacionado cas tecnoloxías é unha práctica habitual requirir un certo nivel de inglés como parte da formación do candidato.
- * Ampliarase o coñecemento e a implicación do alumnado respecto ás leis de propiedade intelectual, un tema sempre de actualidade no que a informática se refire: valorarase a utilización de software legal, fomentando o uso de software gratuito e versións de avaliación, así como a necesidade de pagar as licencias cando sexa necesario.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Debido ao feito de ser un ciclo de modular (alumnos que normalmente se atopan traballando,...) non se realizarán actividades complementarias e extraescolares.

10. Outros apartados

10.1) Normas de convivencia

Todos os alumnos deberán cumprir a normativa do réxime interno do centro educativo. Aqueles alumnos que incumplan estas normas se lles invitarán a cumprilas ou no seu defecto a abandonar a aula.

10.2) Normas na aula

- A hora de chegada a clase non se pode superar os 10 minutos dende a hora de inicio da mesma, en caso de superalos permitirase a entrada na aula pero porase falta de asistencia. En caso de chegar entre os 4 e 10 minutos porase falta de puntualidade.

-- A hora de realizar exames ou probas teóricas/prácticas non se permitirá realizar o exame a aquel alumno que chegue pasados 15 minutos do inicio da proba/exame, salvo caso de forza maior ben xustificada. No caso de chegar pasados ese tempo, considerarase non presentado e terá a nota dun cero.